

¿Cal é o mellor método para resolver un sistema lineal?

Non podemos falar dun único procedemento pois a eficiencia dependerá sobre todo do tamaño do sistema.

Supoñendo que só queiramos resolver o sistema e non estudar a súa compatibilidade, segundo o tamaño sería:

- Para sistemas 2×2 os máis efectivos son os métodos que xa coñeces de cursos anteriores: redución, igualación e substitución (non hai case diferenzas entre eles pero, en ocasións e segundo o sistema, algún pode ser máis doado cos outros).
- En sistemas 3×3 posiblemente empregados de xeito intelixente, os métodos anteriores sigan sendo máis rápidos (no seguinte tema verás un xeito bastante efectivo para resolver este tipo de sistemas a partir da súa interpretación xeométrica como intersección dunha recta cun plano no espazo).

Por outra banda, a regra de Cramer, é case igual de efectiva e non precisa de ningunha reflexión na súa aplicación (e de paso comprobamos se o sistema ten solución única ou non).

A resolución matricial é totalmente equivalente á Regra de Cramer (fanse as mesmas operacións).

- En sistemas maiores, teñan ou non tantas ecuacións como incógnitas, empréganse outros métodos máis eficaces, en especial o Método de Gauss, que é una especie de automatización do método de redución, pero que non estudarás neste curso.